



## PROGRAMACIÓN GRUPO B abril – xuño 2017

**5 abril:** entregamos...

Commemoración do Día do Libro



### **Deus sentado nun sillón azul, de Carlos Casares**

Unha muller contempla desde a ventá a triste existencia, nun piso ao outro lado da rúa, de quen noutro tempo fora un afouto escritor e profesor. A partir da súa mirada, Carlos Casares recrea en *Deus sentado nun sillón azul* todas as tensións e os medos dunha época, a da posguerra española e a Segunda Guerra Mundial, nunha pequena cidade galega.

**Comentario: 19 abril**

**19 abril:** entregamos...

Commemoración do Día das Letras Galegas



### **Intemperie, de Jesús Carrasco**

Un neno escapado de casa, escoita os berros dos homes que lle buscan. Cando a partida pasa, o que queda ante el é unha chaira infinita que deberá atravesar se quere afastarse daquilo que lle fixo fuxir. Unha noite, crúzase cun vello cabreiro e xa nada será igual para ningún dos dous. *Intemperie* narra a fuxida dun neno a través dun país castigado pola seca e gobernado pola violencia.

**Comentario: 3 maio**

**3 maio:** entregamos...



### **Me llamo Lucy Barton, de Elizabeth Strout**

Nunha habitación de hospital en Manhattan, diante do edificio Chrysler, cuxo perfil se recorta alén da xanela, dúas mulleres falan sen descanso durante cinco días e cinco noites. Sen se veren en moito tempo, o fluxo da súa conversación parece capaz de deter o tempo e silenciar o que non se di. Nesa habitación de hospital, durante cinco días e cinco noites, as dúas mulleres son en realidade algo moi antigo, perigoso e intenso: unha nai e unha filla que lembran o moito que se aman.

**Comentario: 31 maio**

**31 maio:** entregamos...



### **Nos vemos allá arriba, de Pierre Lemaitre**

En novembro de 1918, uns días antes do armisticio, o tenente d'Aulnay-Pradelle ordena unha absurda ofensiva que culminará cos soldados Albert Maillard e Édouard Péricourt gravemente feridos, nun confuso e dramático incidente que ligará os seus destinos inexorablemente. Á súa volta a París, os tres excombatientes rebeláranse contra unha realidade que os condena á miseria e ao esquecemento. Novela galardoada co Premio Goncourt.

**Comentario: 14 xuño  
REMATE TEMPADA**